

FONDO DE PENSIONES. VIGILANCIA, PRUDENCIA, PROPOSTAS.

Tras un longo período de cifras excelentes atopámonos nunha contorna macroeconómica que sitúa aos Fondos de Pensiones en escenarios de baixas rendibilidades. Por iso, é máis necesario que nunca, non perder de vista nin a natureza dun Fondo de Pensiones, nin os seus obxectivos. E estar vixiantes, si, pero instalados na confianza que nos proporcionan os profesionais da nosa Xestora. Xa viñan anunciándonos que estabamos a anticipar rendibilidades de anos futuros, e parece, que se fixo realidade o prognóstico.

Data	31/12/2014	31/03/2015	30/06/2015	30/09/2015
VLC (valor unidade de conta)	23,5251	24,3055	23,8690	23,5913
Rendibilidade Acumulada anual	+6,44%	+3,32%	+1,46%	+0,28%
Acumulada últimos 12 meses	+6,44%	+8,00%	+3,92%	+0,94%

Análisis CCOO

Os índices de mercado, sexan de renda fixa, de renda variable ou materias primas, experimentaron fortes variacións, situándose algúns deles, en valores negativos no ano 2015. A volatilidade nos últimos meses aumentou de maneira moi significativa como consecuencia das expectativas negativas sobre a economía internacional nas distintas áreas do mundo: certa desaceleración nalgúns países dos denominados emerxentes, aos que se uniu China e a súa área de influencia asiática; crecemento débil na zona Euro; dificultades en Xapón; síntomas de desaceleración a curto prazo en EEUU. Non nos atopamos seguramente nunha fase de recesión, pero si nunha de **desaceleración do crecemento económico**, e nos próximos meses os mercados financeiros van pasar por unha **fase de inestabilidade**, coa probabilidade de episodios de volatilidade nos mercados.

Prudencia

A natureza dos fondos de pensiones obriga a que a análise financeira relevante se realice a longo prazo, tratando de evitar caer no cortoplacismo, aínda que non podamos obviar o reflexo desta inestabilidade nos rendementos periódicos reflectidos nos nosos extractos. Hai que lembrar que a medio/longo prazo o obxectivo do noso Fondo é **a conservación do patrimonio** (os dereitos consolidados) máis unha rendibilidade adicional, que nun contexto de IPC baixos, fai este obxectivo máis posible e realizable.

Propostas

Traballamos na Comisión de Control do F.P. para dotarnos dunha **nova DPPI (Declaración de Principios da Política de Investimentos)**, na que poderíamos abrir a porta a Investimentos Alternativos e de Mercados Emerxentes. Diversificar a carteira para aproveitar oportunidades en todos os escenarios posibles. Evidentemente, temos que ter en conta as características do **noso colectivo**, coa maior parte do patrimonio concentrado nos partícipes de máis idade, e por tanto con menor posibilidade de recuperación en caso de producirse baixadas de rendibilidade significativas. Polo lado contrario, máis da metade dos partícipes, que son **o presente e futuro do BBVA**, recibe achegas mínimas de 540,91 euros anuais.

Por iso, para **CCOO**, a PRUDENCIA e a rigorosidade no estudo das reformas é fundamental, e nesa liña van ir as nosas PROPOSTAS, ademais de REIVINDICAR un incremento notable do importe da achegas, conxeladas desde o século pasado.

Aportamos solucións, melloramos os teus dereitos.

Outubro 2015